

As rapazas e a actividade física escolar

M^a José Castro Girona. Miguel A. González Valeiro. Maurice Piéron.
INEF Galicia (A Coruña), Universidad de Lieja (Bélgica)
mcgirona@edu.junta.es

Resumo: O noso traballo encadrase no paradigma dos procesos mediadores centrados no alumno. Queremos coñecer pensamentos, motivacións, e intereses dos nenos e das nenas na educación física en xeral e en cada bloque de contidos en particular.

Mostra: alumnos (12) e alumnas (6) do primeiro ciclo de Educación Secundaria Obligatoria de ámbito eminentemente rural.

Instrumentos: observación sistemática das sesións de educación física; observación cualitativa ou anecdótica; cuestionarios.

Conclusións: Nas clases de educación física atopamos diferenzas estadisticamente significativas entre sexos. O contido traballado afecta á participación do alumnado.

Palabras clave: Coeducación – participación – percepción

Encadramento conceptual

O termo coeducación fai referencia á procura de condicións que propicien unha igualdade de oportunidades reais a través do respecto e da valoración de ámbolos dous grupos (Alvarez Bueno et al. 1990; García y Asins, 1994; Scraton, 1995).

O noso traballo encadrase no paradigma dos procesos mediadores centrados no alumno. Queremos coñecer pensamentos, motivacións, e intereses dos nenos e das nenas na educación física en xeral e en cada bloque de contidos en particular. No paradigma mediacional, o alumno asume un papel activo no seu proceso de aprendizaxe, pois os procesos mentais median entre os estímulos que aporta o profesor e a resposta ofrecida polo alumnado.

Obxectivos

Coñecela participación do noso alumnado nas súas dúas dimensións, a do comportamento e a da implicación na educación física escolar.

Comparala participación das nenas coa dos nenos, velas similitudes así como as diferenzas.

Estudialas percepcións do alumnado facendo unha comparación entre a das nenas e a dos nenos

Metodoloxía

Mostra

Este traballo de investigación realizouse nun grupo de alumnos e alumnas do primeiro ciclo de Educación Secundaria Obligatoria non colexio público de Galicia de ámbito eminentemente rural. Comprende un total de dezoito alumnos distribuídos por sexos en doce rapaces e seis rapazas. A maioría teñen doce ou trece anos dependendo do mes do seu nacemento.

Hipóteses

A participación, na dimensión do comportamento, nas tarefas físico-deportivas desenvolvidas nas sesións de educación física, é menor nas nenas que nos nenos.

A implicación en actividades físico-deportivas desenvolvidas nas sesións de educación física, é menor no grupo de nenas que no grupo de nenos.

A participación varía en función do contido que se traballa

A percepción que teñen as nenas sobre si en relación á educación física escolar, é negativa en canto que nos rapaces é positiva.

Variables do estudio

A participación na dimensión relativa ó comportamento do alumnado nas sesións de educación física

A participación relativa á implicación ou compromiso motor do alumnado nas sesións de educación física

A percepción das sesións de educación física polo alumnado.

A motivación e o interese do alumnado

Instrumentos

Na elección dos instrumentos de recollida de datos combinamos varias metodoloxías para obter datos relativos non soamente ó comportamento e ás implicacións nas tarefas senón tamén datos relativos á percepción das sesións e á competencia motriz dos alumnos. Así combinamos os seguintes instrumentos:

- Observación sistemática das sesións de educación física
- Observación cualitativa ou anecdótica
- Os cuestionarios

Respecto as observacións dicir que foron elaboradas e gravadas doce sesións. En cada sesión observáronse cinco rapaces e cinco rapazas durante un período de cinco minutos correspondente á fase principal da sesión. Debido ó reparto da mostra, un alumno entre os máis destacados e un entre os máis frouxos, segundo a opinión do profesor, foron observados sistematicamente. Outros tres seleccionáronse ó chou. En total resultaron cento vinte unidades de observación entre as que cada alumna foi observada nun total de dez sesións e cada alumno en cinco.

Observación sistemática da participación nas actividades motrices propostas.

Esta observación realizouse na fase principal da sesión, esta fase tiña unha duración de trinta minutos. Rexistramos conductas seleccionadas de antemán e categorizadas a partir de observacións previas e baseadas no sistema desenvolvido por Piéron no OBEL/UGL, e na súa actualización en investigacións posteriores.

As categorías seleccionadas foron:

Os tempos de espera.

A organización.

A información recibida.

Os comportamentos fóra de tarefa.

Os comportamentos fóra de vista.

Os comportamentos diversos.

A actividade motriz.

A demostración.

O nivel de compromiso motor dos alumnos e das alumnas nas tarefas propostas na fase principal complementan as unidades de observación nunha graduación en tres niveis. En función do programa escolar se consideran catro situacións:

Aprendizaxe

Motricidade

Condición física

Xogos.

Observación cualitativa ou anecdótica de cada sesión.

Neste recóllense os acontecementos presuntamente significativos para a investigación. En cada sesión có fin de describi-la participación se toman notas

puntuais para describi-la participación, a utilización dos espacios, os agrupamentos espontáneos, as demostracións, etc. e todo suceso que permita evidenciar comportamentos en relación co xénero e cos estereotipos de xénero.

Cuestionario sobre a percepción da sesión. (Piéron, M. et al., 1997).

Trátase dun pequeno cuestionario para coñecer a percepción do alumnado ten da sesión que ven de realizar. Este cuestionario pásase despois de cada sesión gravada. Por tanto, trátase dun cuestionario de extensión curta cunha duración de aplicación de cinco a dez minutos. Non está deseñado por nós, senón que empregamos un existente, empregado xa noutras investigacións

A nosa atención centrouse en varios aspectos:

A satisfacción experimentada na clase.

A intensidade da sesión.

Os seus sentimentos de competencia.

As intervencións do profesor para corrixir, rifar ou chama-la atención ó alumnado.

Os progresos que puidesen alcanzar, a súa implicación na clase.

A súa atención e concentración.

grado de decisión que sentiron.

Estes datos sobre a percepción de si mesmos en cada sesión imos comparalos coa participación en actividades físicas e deportivas e ve-las diferencias existentes en función do sexo ó que pertencen os individuos investigados.

Resultados.

Resultados da participación

Atopamos diferencias estadísticamente significativas entre o comportamento dos rapaces e o das rapazas nos tempos fora de tarefa, que se produciron máis frecuentemente neles. Chama a atención, aínda que non sexa de modo estadísticamente significativo, o feito de que elas se atopan máis frecuentemente en información, espera, actividade motriz que eles.

Estas diferencias do perfil xeneral coinciden cos datos obtidos na análise dos bloques de contidos:

Atopamos diferencias estadísticamente significativas entre nenos e nenas nos comportamentos fóra de tarefa no bloque da expresión corporal.

Nos outros bloques de contidos, isto é, condición física, habilidades e destrezas básicas e xogos e deportes, os nenos alcanzan valores máis altos nos comportamentos fóra de tarefa.

Nos bloques da condición física e dos xogos e deportes as nenas están máis a miúdo en información.

Resultados da percepción

Ó comparalo perfil xeral da percepción dos nenos co das nena, atopamos relacións de asociación entre as categorías satisfacción, percepción de competencia, implicación, atención, progreso coas correccións, exercicios novedosos e os sexos.

Haí que dicir que a excepción das categorías progreso coas correccións e exercicios novedosos é maior o número de nenas coa percepción máis positiva que o dos nenos. Polo tanto, estas diferencias de percepción inclínanse a favor das rapazas. Estas diferencias no perfil xeneral responden ás atopadas ó analizar os datos por bloques de contidos.

A continuación expoñemos que categorías presentan diferencias entre rapaces e rapazas en cada bloque de contidos, así como a favor de quen se inclinan esas diferencias.

Condición física	Progreso coas correccións: maior número de rapaces.
Habilidades e destrezas básicas	Competencia : maior número de rapazas
Xogos e deportes	Competencia: maior número de rapazas
Expresión corporal	Satisfacción: maior número de rapazas Competencia: maior número de rapazas Implicación: maior número de rapazas Atención maior número de rapazas Ejercicios novedosos: maior número de rapaces

Conclusiones:

Nas clases de educación física atopamos diferenzas estadísticamente significativas entre sexos nos comportamentos forra de tarefa nos que eles se encontran máis frecuentemente.

Estas diferenzas tamén se dan nos outros bloques de contidos nos que os rapaces alcanzan valores máis altos aínda de soamente estadísticamente significativos no bloque da expresión corporal.

O contido traballado afecta á participación do alumnado.

A percepción nas variables: satisfacción, competencia, implicación e atención mostra diferenzas estadísticamente significativas entre sexos. No nivel máis alto de percepción de estas variables, a porcentaxe de rapazas é significativamente maior que o dos rapaces.

Estas diferenzas na percepción vense reflectidas nos bloques de contidos. No nivel máis alto de percepción da variable competencia tanto no bloque das Habilidades e destrezas básicas como no de Xogos e deportes así como nas variables satisfacción, competencia, atención e implicación no bloque da expresión corporal, a porcentaxe de rapazas es significativamente maior que o dos rapaces.

Bibliografía:

ÁLVAREZ BUENO Y OTROS (1990): Guía para una educación física no sexista. Ministerio de Educación y Ciencia. Dirección General de Renovación Pedagógica.

GARCÍA, M., Y ASINS, C., (1994): Cuadernos para la coeducación. Instituto de Ciencias de l'Educació. Universitat Autònoma de Barcelona.

PIÉRON, M., CLOES, M., LUTS, K., LEDENT, M., PIROTTIN, V., & DELFOSSE, C. (1997): Analyse de la prise en considération des caractéristiques individuelles des élèves dans les décisions et les comportements d'enseignants experts et débutans. Rapport final (enseignement primaire et secondaire) d'une recherche dans le cadre d'une convention passée entre la Communauté française.

SCRATON, S. (1995): Educación física de las niñas: un enfoque feminista. Ed. Morata.